

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**11410** *Real decreto lei 26/2012, do 7 de setembro, polo que se concede un crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Defensa para atender o pagamento de obrigas correspondentes a programas especiais de armamento por entregas xa realizadas.*

Este real decreto lei ten como finalidade proceder á concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Defensa para atender ao pagamento de obrigas correspondentes a programas especiais de armamento, por entregas xa realizadas.

Os programas especiais de armamento son aqueles que, tanto polo seu volume económico como pola complexidade industrial e tecnolóxica que presentan, supoñen as máis relevantes adquisicións de sistemas de armas que realiza o Ministerio de Defensa. Estes programas contribúen, de forma determinante,

- Á modernización das Forzas Armadas e á súa habilitación para a participación nas misións internacionais en que España colabora con países aliados.
- Ao desenvolvemento do tecido industrial español con alto compoñente tecnolóxico, con opcións de competir en mercados internacionais para exportar as ditas capacidades.
- Á xeración de postos de traballo de alto valor e capacitación con importantes transferencias tecnolóxicas a sectores civís.
- Á cooperación industrial internacional.

O financiamento destes programas realízase de forma conxunta entre o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e o Ministerio de Defensa segundo un modelo de financiamento deseñado ao final dos anos 90. Na actualidade hai 19 programas especiais de armamento cuxos importes e perfís de financiamento foron actualizados por última vez no ano 2009 establecendo un perfil de financiamento ata o 2025.

Durante os exercicios 2010 e 2011 producíronse reducións e non dispoñibilidades orzamentarias que se traduciron na non atención dos compromisos de pagamento aprobados para eses anos, ben que se efectuou o correspondente rexistro en contabilidade nacional polas entregas realizadas. En consecuencia, o presente crédito extraordinario non ten impacto no déficit público.

Ante a imposibilidade de atender aos compromisos de pagamento asociados a estes programas, o Ministerio de Defensa solicita un crédito extraordinario por importe de 1.782.770.890 euros que permita dar cobertura ás súas obrigas coa industria nacional e cos consorcios internacionais derivados dos programas especiais de armamento.

Paralelamente, o Ministerio de Defensa está firmemente comprometido coa redución dos compromisos adquiridos a medio e longo prazo. Para isto deseñou un plan de actuacións que prevé a redución de unidades, os aprazamentos das entregas, a renegociación de condicións e a venda de material. Para poñelo en marcha é necesario contar con este crédito extraordinario xa que é requisito indispensable para reforzar a imaxe de España como socio fiable nos consorcios internacionais e permite presentar ás industrias acordos globais con plans de viabilidade industrial a futuro.

As consecuencias da non atención dos compromisos de pagamento serían as seguintes:

- Perda de empregos altamente cualificados e de capacidade exportadora da nosa industria.
- Colapso financeiro dos programas internacionais e consecuente deterioración da imaxe de España.

– Limitación da nosa capacidade para participar nas misións internacionais.

A exigencia de atender ao pagamento de obrigas que ineludiblemente debe satisfacer a Administración e a necesidade de non demorar o seu aboamento para non causar prexuízos a terceiros afectados constitúen as razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión do crédito extraordinario mediante real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de setembro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Defensa.*

Autorízase un crédito extraordinario ao orzamento en vigor da sección 14 «Ministerio de Defensa», servizo 03 «Secretaría de Estado de Defensa», programa 122B «Programas especiais de modernización», capítulo 6 «Investimentos reais», artigo 65 «Investimentos militares e infraestruturas e outros bens», concepto 659 «Para atender ao pagamento de obrigas correspondentes a programas especiais de armamento por entregas xa realizadas», por un importe de 1.782.770.890 euros, co seguinte detalle:

Subconcepto	Denominación	Importe (en euros)
659.01	Avión EF-2000 .....	1.171.607.690
659.02	Helicóptero Tigre .....	76.267.140
659.03	Obús 155/52 .....	16.065.970
659.04	Mísil SPIKE. ....	27.824.410
659.05	Buque BAM .....	187.800.000
659.06	Carro c. Leopardo. ....	242.337.280
659.07	Mísil IRIS-T. ....	38.968.560
659.08	Helicóptero UME .....	21.181.310
659.09	Sistemas CIS UME. ....	718.530
	Total .....	1.782.770.890

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario que se concede por este real decreto lei no orzamento do Ministerio de Defensa financiarase con débeda pública.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de setembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY